

Contratación de deseño

Un dos problemas detectados no Estudo é a dificultade coa que se atopan algunhas empresas para contratar profesionais do deseño. A continuación, amosamos unha serie de puntos que esperamos sexan de axuda á hora de resolver este problema.

Determinar que é o que necesitamos

1

Antes de empezar é importante determinar que é o que necesitamos, para iso temos que preguntarnos:

- Cal é o obxectivo? Cal será o alcance?
- De que orzamento dispoñemos?
- Que tempos manexamos?

Isto é empezar a realizar un [briefing](#). Esta análise pode realizala a propia empresa ou, se se prefire, pódese seleccionar ao deseñador ou deseñadora primeiro e elaborala conxuntamente.

Seleccionar á persoa axeitada para resolver o problema.

2

Se se quere asegurar un resultado eficaz e de calidade hai que contar cunha persoa profesional. Se existen dificultades para atopar a persoa ou empresa axeitada para deselvolver un proxecto de deseño hai distintas canles que se poden utilizar.

Por exemplo, na páxina da [Asociación Galega de Deseño](#) ou no [Mapa de Provedores de Deseño](#), pódense filtrar os perfís por ámbitos do deseño. A propia asociación tamén ofrece a posibilidade de difundir ofertas para o encargo dun proxecto entre as súas asociadas. Para solicitar esta difusión interna só hai que poñerse en contacto coa asociación a través do email info@dag.gal.

Pódese facer unha selección de forma máis ampla, convocando unha «Chamada a Proxecto». Esta convocatoria profesional aberta consiste en facer unha selección a partir de mostras de traballos e currículos profesionais que se solicitan a través da comunicación da propia empresa ou institución. Pódese facer nunha soa fase, elixindo a un equipo de deseño ou profesional entre quen se presenta e asinar con ese equipo un contrato para realizar a encarga, ou nunha dobre fase, onde primeiro se seleccione entre 3 e 5 finalistas, e tras unha reunión persoal, a parte contratante elixe o equipo que desenvolverá o traballo. No caso de que se queiran ver propostas iniciais, deberán ser sempre remuneradas.

«A chamada a Proxecto» permite seleccionar á persoa máis adecuada entre as solicitantes segundo o tipo de traballo que se realiza e é unha fórmula flexible que se pode adaptar ás necesidades e ao orzamento do cliente. Para coñecer máis sobre esta fórmula pode poñerse en contacto coa Asociación Galega de Deseño para recibir asesoramento.

Exemplos de chamadas a proxecto:

- Identidade do Instituto para a transición xusta.
- Identidade para o «Día das bibliotecas»

Unha vez seleccionada a persoa coa que interesa traballar, poderemos terminar –ou empezar conxuntamente– o briefing, determinando o traballo a realizar e o orzamento.

O deseño non ten tarifas oficiais, os prezos establécense segundo o mercado, dependendo da complexidade e a duración, así como a experiencia profesional do equipo de deseño. É desexable establecer un contrato no que se especifique, mediante acordo, o traballo a realizar, custo e tempo establecido.

Como se contrata?

3

Pódese contratar por obra, por tempo ou adquirindo licenzas e dereitos de uso, distribución ou explotación.

O contrato por obra estipúlase segundo a complexidade e o tempo de realización, esta valoración é establecida polo ou pola profesional e pode variar segundo os custos aos que ten que facer fronte, o equipo, a experiencia e a cualificación. Aínda que a forma de pago é negociable, recoméndase que se fraccione o pago en diversas fases, e segundo se vaia completando o proxecto se pague a porcentaxe correspondente.

Tamén se pode establecer un contrato mensual por tarefas e/ou tempo específico para realizar unha prestación de deseño e asesoramento máis constante, isto permite contar con profesionais que coñecen o proxecto e que terán unha visión máis global da empresa ou institución.

O acordo de adquisición de dereitos de distribución, uso ou explotación adoita establecerse en deseño de produto sobre o prezo de venda en fábrica, tendo en conta todos os factores que a determinan. A liquidación deses dereitos lévase a cabo segundo a porcentaxe e a periodicidade que se acorde previamente.

Para unha información máis completa recomendámosvos a web de <https://contratardiseño.es>

Contratación pública e privada de deseño: <https://contratardiseño.es/materiales-interes/#docs-legales>